

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000247	CPI de Cova Terreña	Baiona	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

## 1. Introducción

A área do Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da re-solución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. As persoas precisan as competencias para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo, e inserirse e participar activamente na sociedade na que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e

negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Configuraremos a área do Proxecto Competencial como un proxecto interdisciplinario: “ Alianzas para a produción e o consumo responsable” co que o alumnado adquirirá as competencias necesarias para prever un plan de traballo, resolver os problemas, executar os proxectos planificados e expoñelos e presentalos empregando como apoio soportes audiovisuais e informáticos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Alianzas para a produción e o consumo responsable I.	<p>No primeiro trimestre o alumnado realizará actividades de documentación, busca, análise e selección de información sobre os ODS nº 12 e o ODS nº 17.</p> <p>Proporá posibles solucións aos problemas que se plantexan nel. Planificará, de xeito guiado, a secuenciación e temporalización das actuacións para desenvolver o proxecto. Utilizará estratexias de recollida, almacenamiento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados da área de Proxecto Competencial.</p> <p>O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes.</p>	35	13	X		
2	Alianzas para a produción e o consumo responsable II.	<p>Unha vez realizada a busca e selección da información, realizarán conxecturas simples e investigarán patróns, propiedades e relacións, explicando ideas e procesos, identificando características e elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto. Reflexionarán e tomarán decisións sobre a representación e comunicación do coñecemento adquirido a través de diferentes fontes e textos. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados da área de Proxecto Competencial.</p> <p>O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes.</p>	30	10		X	
3	Alianzas para a produción e o consumo responsable III.	<p>O alumnado presentará o produto final do proxecto realizado en equipos cooperativos, explicando as distintas fases e procesos da súa elaboración. Utilizará os medios dixitais, audiovisuais ou plásticos necesarios para apoiar e completar a expresión verbal e corporal, en dita presentación.</p> <p>Compartirá os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual e en equipo, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.</p> <p>Compartirá os resultados coa comunidade educativa participando na Semana da</p>	35	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Alianzas para a produción e o consumo responsable III.	Ciencia e a través da web do centro. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados da área de Proxecto Competencial. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes.	35	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Alianzas para a produción e o consumo responsable I.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización dalgunhas das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever algunha incidencia que se poida producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Alianzas para a produción e o consumo responsable II.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar algunha das actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar, con axuda, algúns coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar, de ser o caso, algúns dos recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar algunha das incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Nomear algún dos resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Alianzas para a produción e o consumo responsable III.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar, con axuda, o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal cun mínimo de corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Fai uso dalgún código da comunicación non verbal para acompañar o discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Amosar unha actitude positiva na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar, con axuda, algúns recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>

## Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A aprendizaxe competencial caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Require, polo tanto, dunha visión interdisciplinaria e da personalización da educación.

Así, para sentar as bases que lle faciliten ao alumnado a adquisición e desenvolvemento das competencias clave determinadas no perfil de saída da educación primaria -empregaremos aquelas alternativas metodolóxicas que nos permitan garantir a inclusión educativa e a atención personalizada:

Poremos, tamén, énfase en favorecer a participación e a convivencia positiva na aula, xerando un clima de confianza no que o erro se entende como fonte de aprendizaxe.

Fomentaremos o traballo colaborativo e en equipo empregando estratexias de aprendizaxe cooperativa.

Potenciaremos a realización de aprendizaxes significativas que promovan o desenvolvemento da autonomía, a reflexión, a responsabilidade e a capacidade de aprender por si mesmos.

Deseñaremos propostas que integren todos os elementos do currículo. Estas tarefas e actividades ou proxectos estarán relacionados coa resolución de problemas en contextos da vida real e facilitarán a integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, de xeito que lle permitan avanzar en máis de unha competencia ao mesmo tempo.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

Procuraremos que o mobiliario e a disposición da clase favorezan os seguintes aspectos:

O acceso fácil e directo aos materiais para que o alumnado poida usalos sen dificultade e así fomentar a autonomía.

A presenza de lugares para a exposición permanente da actividade da clase.

A libre expresión e participación do alumnado.( carteis, buzóns de suxestións,etc)

Sabendo que os espazos de circulación e comunicación: corredores, vestíbulos , escaleiras, etc, ademais de cumprir a función de permitir unha circulación física , facilitan a comunicación do traballo que se desenvolve no centro, dos produtos finais dos proxectos que se están desenvolvendo, etc., terémolo en conta no momento de deseñar as distintas actividades.

Ao longo do curso utilizaremos distintos espazos, materiais e recursos didácticos.

O espazo educa e facilita a aprendizaxe. Os últimos estudos en Neurociencia poñen en valor, entre outros aspectos, que o entorno físico no que se dá a aprendizaxe afecta ao noso cerebro e que unha iluminación axeitada incide positivamente no benestar físico e emocional do



alumnado, as vistas externas e a luz natural favorecen a concentración nas tarefas. Así, sempre que sexa posible, realizaremos actividades en espazos exteriores.

Para a realización das tarefas interdisciplinares programadas empregaremos todos os recursos TIC que temos á nosa disposición e ademais aqueles que sexan necesarios en cada caso: biblioteca de centro e de aula, xornais, visitas, participación de persoas expertas..., materiais de refugallo e o material funxible necesario (aportado polo alumnado, polo centro ou da natureza) para a confección dos produtos finais.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na avaliación inicial teremos en conta os datos aportados por

1º.- A análise da información do curso anterior composta por:

-Acta sesión avaliación final.

-Resultados académicos do grupo-clase.

-Informes individualizados.

-Datos recollidos nas reunións entre titores/docentes establecidas para o traspaso de información.

- Informacións obtidas das familias.

2º.- Os resultados das probas iniciais realizada, tendo en conta:

-os criterios de avaliación e indicadores de competencias do curso anterior.

-o emprego de instrumentos de avaliación variados.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>35</b>	<b>30</b>	<b>35</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

**Criterios de cualificación:**

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da área na avaliación serán os criterios de avaliación que figuran no currículo e na programación. Polo tanto, aplicaranse os criterios de cualificación determinados en cada tarefa integrada/ proxectos aplicando as porcentaxes asignadas. A cualificación de cada un dos criterios obterase da valoración das evidencias/información do desempeño do alumnado, recollida cos instrumentos de avaliación e cualificación establecidos para cada un deles.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación.

#### **Criterios de recuperación:**

A avaliación do alumnado debe ser global, continua e formativa, e terá en conta o desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe e os obxectivos da área trabállanse en todas as avaliacións xa que se trata dun currículo competencial. Tendo isto en conta a recuperación integrárase na avaliación seguinte, aplicando os mesmos instrumentos de avaliación. Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado logre unha cualificación positiva. En cada caso aplicaranse as medidas de reforzo educativo adecuadas en calquera momento do curso.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Atenderemos á diversidade rexéndonos polos principios de inclusión, promovendo a presenza, participación e progreso de todo o alumnado con independencia das súas características. Programaremos as tarefas/proxectos interdisciplinares e planificaremos as situacións de aprendizaxe e a avaliación deseñando actividades e empregando os recursos que nos permitan atender aos principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionar múltiples formas de Implicación, proporcionar múltiples formas de Representación e proporcionar múltiples medios de Acción e Expresión.

Sabemos que a Aprendizaxe Cooperativa, ademais dun medio para desenvolver as competencias clave, é unha condición e un instrumento para a inclusión, para o desenvolvemento da solidariedade e a cohesión social. Polo tanto estruturaremos a aula de forma cooperativa, seguindo as pautas establecidas no programa CA/AC (Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar), recollido no Plan de Convivencia do Centro. En definitiva, poremos en práctica, nas aulas, un conxunto de actuacións para que o alumnado aprenda, practicándoas, as habilidades sociais imprescindibles para traballar en equipo: escoitar con atención aos compañeiros/as, usar un ton de voz adecuado, respectar a quenda de palabra, compartir ideas, preguntar e pedir axuda con corrección, axudar aos compañeiros/as, rematar as tarefas, estar atentos, etc.

#### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X
ET.5 - O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.6 - A igualdade entre mulleres e homes.	X		
ET.7 - A educación para a paz		X	
ET.8 - A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X
ET.9 - A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X		
ET.10 - A educación emocional e en valores		X	
ET.11 - A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social			X
ET.12 - A aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político; a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos.		X	
ET.13 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas así como os que supoñan discriminación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transxénero e intersexual			X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
------------	------------	----------	----------	----------

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída pola contorna. Punto Limpo. Proxecto: Alianzas para a produción e consumo responsable I.	O alumnado realizará unha visita ao Punto Limpo de Baiona como actividade de motivación cara a desenvolver o proxecto relacionado cos ODS nº 12 e nº 17.	X		
Charlas 3R. Proxecto: Alianzas para a produción e consumo responsable I.	O alumnado recibirá unhas charlas por parte da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Baiona sobre a importancia de separar correctamente os residuos nos distintos contenedores de reciclaxe. Esta formación complementará o traballo realizado na aula relacionado cos ODS nº 12 e nº 17.	X		
Exposición na Semana da Ciencia. Proxecto: Alianzas para a produción e consumo responsable III.	O alumnado presentará o produto final do proxecto. Compartirá os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual e en equipo, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. Compartirá os resultados coa comunidade educativa participando na Semana da Ciencia e a través da web do centro.			X

#### Observacións:

Durante o curso poderán levarse a cabo outras actividades non incluídas nesa listaxe pero que polo seu interese, pola súa relación cos distintos proxectos de aula, consideremos idóneo incorporalas á programación por ser este un documento aberto e flexible.

#### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización das actividades é axustada?
Propoño novas actividades /tarefas que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados ou un maior grao de adquisición nos acadados?
Ao final de cada avaliación valorase a eficacia das accións programadas na aprendizaxe do alumnado?

<b>Metodoloxía empregada</b>
As unidades/actividades/tarefas que teño plantexadas, permiten que as aprendizaxes realizadas polo alumnado se transfiran a outras situacións da vida persoal e escolar?
Evítanse os exercicios de copia mecánica?
Ensinase aos estudantes a facer presentacións dos seus traballos tanto orais e escritas como de outras formas e tanto individuais como escritas?
Adáptase a metodoloxía para que poidan aflorar distintos formas de aprender do alumnado?
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a empregar, controlando sempre que o clima de traballo sexa adecuado?
Proporciono información ao alumno sobre a execución das actividades e como pode melloralas, favorecendo procesos de auto e coavaliación?
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Emprego recursos didácticos variados tanto para a presentación da información como para a práctica autónoma do alumnado?
Involúcrase aos estudantes no deseño do material didáctico para os compañeiros/as?
O ambiente de aula, a súa organización e os recursos empregados contribúen ao desenvolvemento da aprendizaxe autónoma?
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Planifico as actividades e momentos do proceso de aprendizaxe tendo en conta o nivel de habilidades do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe?
Nas unidades de aprendizaxe/tarefas hai actividades variadas e con diferentes graos de desempeño na execución?
As propostas de aprendizaxe adáptanse aos diferentes coñecementos previos do alumnado?
Empréganse de forma sistemática e regular métodos de aprendizaxe cooperativa?
Teñen os estudantes oportunidades para elixir entre actividades distintas?
Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recollida de información sobre as aprendizaxes realizadas polo alumnado?
Participase en actividades de docencia compartida?
<b>Clima de traballo na aula</b>
Están previstas actividades para realizar de forma individual, en parella, en grupo ou con toda a clase en distintos momentos do desenvolvemento da unidade de aprendizaxe?
Motívase ao alumnado a que se fagan responsables da súa propia aprendizaxe?
Os criterios de avaliación e cualificación son claros e coñecidos polos alumnos e as alumnas e permiten facer un seguimento do progreso do alumnado?
Foméntase na aula o respecto, a colaboración mutua e o emprego de estratexias de resolución positiva e restaurativa dos conflitos?
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Planifícanse actividades de forma coordinada co equipo docente, de nivel e/ou de ciclo ou de outras etapas?
Planifícase e desenvólvese algunha actividade contando coa colaboración e/ou participación das familias?
Utilízanse diferentes medios (sesións de avaliación, boletíns informativos, reunións colectivas, titorías individuais...) para informar ás familias e ao equipo docente da evolución dos procesos de aprendizaxe do alumnado?

**Descrición:**

Avaliaremos o proceso de ensino e práctica docente cunha escala de valoración do 4 ao 1, sendo 4 o grao máximo de consecución do indicador e 1 o grao mínimo. En cada caso incorporaremos as propostas de mellora necesarias.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Coincidindo coas avaliacións trimestrais realizarase a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente valorando o grao de desenvolvemento dos indicadores de logro propostos no apartado anterior. Analizaremos os resultados de cada indicador e incorporaremos as propostas de axuste e mellora necesarios. A partir das melloras propostas para cada un dos indicadores de logro introduciremos as modificacións necesarias nas tarefas integradas/ proxectos deseñados para a seguinte avaliación. Ao final do curso teranse en conta os resultados da avaliación do proceso de ensino e da práctica docente para incorporar as melloras e/ou modificacións necesarias na planificación do seguinte curso escolar.

**9. Outros apartados**